



Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD51LID02

Política de Calidade

Versión	Descrición	Data
01	Recodificación	01/09/2017
02	Actualización	03/09/2018
03	Revisión	01/09/2021

Política da Calidade

Os **Conservatorios de Música e de Danza da Comunidade Autónoma de Galicia** definiron a calidade como parte fundamental da súa política e da súa estratexia, e adoptaron un sistema de xestión baseado na calidade como modelo de referencia para a xestión da Institución. Este sistema de aseguramento da calidade está baseado na Norma UNE-EN ISO 9001:2015.

Estes centros adoptaron a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- Busca de excelencia no traballo desenvolvido e nas actividades e servizos presatados .
- A aportación de valor ao alumnado, as familias, ao profesorado e ao persoal do centro, escoitando a súa voz e procurando satisfacer as súas expectativas.
- A adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura da evidencia, a xestión a partir de datos e a disciplina do traballo en equipo.
- A xestión dos procesos orientada á mellora continua mediante a planificación, o desenvolvemento e a revisión dos mesmos para establecer cambios e/ou melloras.
- O cumprimento dos Obxectivos e Indicadores procedentes do Plan Estratéxico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade mais os establecidos polos propios Conservatorios para a mellora nos procesos de formación ofrecidos .

Estas directrices despréganse a través dos seguintes procesos e proxectos:

- Mantemento dun sistema da calidade segundo UNE-EN ISO 9001:2015.
- Medición e análise periódico da satisfacción de alumnado, familias , docentes e resto da comunidade implicada .
- Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.
- Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

As Direccións dos **Conservatorios de Música e de Danza** facilitarán os medios e a formación necesarios para o desenvolvemento con éxito das actividades.

Esta Política de calidade servirá de marco de referencia para establecer e revisar o Plan estratéxico e os obxectivos de calidade.

A subdirección Xeral de ensinanza de Réxime Especial revisará esta política polo mínimo unha vez ao ano, para verificar a súa adecuación á forma real de traballo da **Conservatorios de Música e de Danza** Galicia.

Co fin de que sexa coñecida por todo o persoal dos centros, a Política de Calidade estará accesible públicamente.

Jose Luis Mira lema

Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional,
Santiago de Compostela, 01 de setembro de 2021